TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

CONCEPTUALIZACIÓN

Teoría sociolóxica que propón e examina cómo diferentes categorías de discriminación, construídas social e culturalmente, interactúan en múltiples e, con frecuencia, simultáneos niveis, contribuíndo a elo unha sistemática desigualdade social.

Suxire que os clásicos modelos de opresión dentro da sociedade, tales como os baseados en racismo/etnicidade, xénero (sexismo), relixión (discriminación relixiosa), nacionalidade, orientación sexual (homofobia), clase (clasismo) ou discapacidade,

> non actúan de forma independente uns dos outros; ben ao contrario, estas formas de opresión se interelacionan creando uns sistema de opresión que reflicte a "intersección" de múltiples formas de discriminación.

Un exemplo estándar de aplicación da teoría da interseccionalidade podería ser o estudo de cómo as mulleres experimentan a opresión en varias configuracións e ne varios graos de intensidade,

> pero os modelos culturais de opresión no só están interelacionados, senón que están unidos e influídos polos sistemas insterseccionais da sociedade.

Exemplos disto son a clasificación por raza, a distinción por xénero, clase social e orixe étnico.

1

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

CONCEPTUALIZACIÓN

É un paradigma importante para os estudos sociolóxicos e culturais, pero plantea múltiples dificultades

polas complexidades que se dan ao facer conceptualizacións multidimensionais que explican a forma en que as categorías de diferenciación socialmente construídas interactúan para crear unha xerarquía social.

A teoría da interseccionalidade suxire tamén que, en realidade, as formas e expresións discretas de opresión forman e son formadas por, unhas ás outras.

En consecuencia, hai que investigar tamén as vías nas que as estruturas de racialización, procesos sociais e representacións sociais (ou ideas que pretenden representar grupos e membros de grupos na sociedade) son formados polo xénero, a clase, a sexualidade, etc.

Esta teoría xurdíu como parte da crítica do feminismo radical que se desenvolveu a finais dos anos sesenta coñecida como teoría feminista revisionista, que puxo en dúbida a idea de que o xénero era o factor primario que determina o destino dunha muller.

Leslie McCall, un dos principais teóricos da interseccionalidade, argúe que a introdución da teoría da interseccionalidade foi vital para a socioloxía, e afirma que antes do seu desenvolvemento, había pouco investigado en relación directa coas experiencias da xente que é obxecto de múltiples formas de subordinación dentro da sociedade.

2

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

CONCEPTUALIZACIÓN

O termo interseccionalidade ten tamén unha relación histórica e teórica co concepto de “simultaneidade”.

O concepto de interseccionalidade está actualmente no centro da teoría política feminista.

As análises acerca das exclusións que tanto o movemento feminista como as políticas de igualdade de xénero poden xerar cara as mulleres que se encontran na intersección de diferentes desigualdades (raza, orientación sexual, diversidade funcional, etc) empezaron xa na década dos oitenta, pero foron retomando nova vitalidade a partires da análise de Crenshaw (1991) acerca de como as estratexias que se dirixen a unha desigualdade polo xeral non son neutrais cara as demais desigualdades.

O concepto de interseccionalidade política de Crenshaw nos avisa dos riscos de políticas que, ao previlexiar o trato dalgunhas desigualdades, e ignorando o feito de que as desigualdades a cotío se constitúen mutuamente, acaban marxinando a determinadas persoas e reproducindo mecanismos de poder entre os grupos.

3

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

CONCEPTUALIZACIÓN

Teóricas da interseccionalidade como Verloo (2006) e Ferree, argumentan que a adopción dun enfoque máis interseccional cara desigualdades pode promover o desenvolvemento de politicas públicas máis inclusivas e atentas á diversidade, e polo tanto, máis democráticas.

Si a teoría da igualdade avanza na dirección da necesidade dunha maior intencionalidade nos enfoques políticos, as institucións experimentan tamén cambios cara unha maior consideración das múltiples desigualdades.

As políticas de igualdade de xénero deben polo tanto, prestar atención a como o xénero se cruza con outras desigualdades, e tamén a cómo as políticas públicas sobre inmigración, discapacidade e outras posibles fontes de desigualdade desenvolven un enfoque de xénero.

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

Outras implicacións do concepto

É necesario facer das políticas de igualdade un marco e actuacións que atendan ao principio de igualdade entre as persoas, que permita a adopción dun enfoque interdisciplinario ao problema da desigualdade.

O concepto de interseccionalidade indica a importancia de ter unha análise sobre as estruturas de poder que sexa multidimensional, é dicir, que teña en conta todas as dimensións do poder.

Implica para autores como Civís, tomar en conta todas as categorías sociais nas cales se apoian o poder e a opresión: xénero, clase, etnicidade, idade e orientación sexual, etc.

> Todas estas categorías sociais, se apoian en dicotomías de desigualdade, as cales serven para dividir a poboación en dous grupos: a norma e "o outro"/a discrepancia. Por exemplo a dicotomía de ***Xénero*** tradicionalmente se lles ten dado esteriotípadas a cada un.

A teoría da interseccionalidade amosa como a dicotomía entre o masculino e o feminino se pode comparar con outras dicotomías baseadas en por exemplo en clase, etnicidade e idade.

5

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

O xénero interseccional como categoría de análise

A noción de interseccionalidade refírese a aos procesos complexos, irreducibles, variados e variables que en cada contexto derivan da interacción de factores sociais, económicos, políticos, culturais e simbólicos.

A interseccionalidade se converteu nun concepto crucial para examinar as diferentes dimensións da vida socia que son distorsionadas cando se adopta un eixo de análise único.

A interseccionalidade enfocase na indivisibilidade e multiplicidade de cada lugar.

> A raza e a etnia, a cultura e a relixión, o nivel educativo e ocupacional están sempre interelacionados co xénero dunha maneira que non só é absurdo, senón tamén contraproducente, desconectar as distintas formas de discriminación.
>
> De feito, as loitas contra a discriminación baseadas na raza, o xénero e a clase por separado teñen levado ao paradóxico e perverso efecto de crear novas discriminacións.

O xénero como concepto interseccional pon de relevo a súa orixe complexa e a súa interconexión orixinaria coas demais condicións de identificación e discriminación social.

6

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

O xénero interseccional como categoría de análise

A conceptualización do xénero como interseccional pretende evitar a inclusión indiscriminada do xénero nun saco xunto con todas as demais categorías de definicións social, xa que non podemos esquecer que o xénero é transversal a todas elas.

Asemade, conceptualizar o xénero como interseccional forma parte dunha estratexia discursiva que trata de destacar que como categoría de análise este non ten sentido se non se teñen en conta todos os factores que inter e intra-actúan diferenciando e transformando as identidades das mulleres.

7

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

Algunhas preguntas que nos podemos formular

- Que implicacións teñen estes cambios do enfoque comunitario cara a desigualdade no desenvolvemento das políticas de igualdade de xénero nos países europeos e mesmo nesta CCAA ?
- En que medida os diferentes contextos políticos europeos e tamén nesta CCAA recollen o enfoque de interseccionalidade nas súas políticas de igualdade?
- Existen políticas públicas que empezan a atender a múltiples desigualdades, e a súa interacción, ou máis ben se trata de políticas "monofocais"?
- Que políticas (de inclusión social, inmigración, diversidade funcional, dereitos de homosexuais, etc) benefician a visión de políticas de igualdade atendendo múltiples desigualdades en xeral, e non só xénero con outras?
- Que debates se xeraron (ou non se xeraron) entre os sectores políticos e da sociedade civil acerca do novo enfoque comunitario de "múltiples desigualdades"?
- Que dinámicas de privilexios e exclusións, ou novas xerarquías de igualdade teñen xurdido?.

TEORÍA DA INTERSECCIONALIDADE

Comprender estruturas e promover un cambio

Para poder combater a desigualdade e a violencia hai que comprender as súas estruturas e os seus mecanismos, sendo precisamente a interseccionalidade un instrumento adecuado para descubrir estes sistemas.

Cambio é o primeiro que ocorre a nivel persoal, pero cando unhas persoas empezan a resistir e loitar xuntas por un cambio, xa está sucedendo algo a nivel micro.

A medida que unhas persoas se converten nunha organización o cambio chega a ter máis impacto na sociedade en xeral. Un cambio a nivel macro xa é unha transformación.

9